UGT Servizos Públicos Galicia

Informa-t

O persoal das Administracións sumará unha subida salarial de 9,5 puntos entre 2022 e 2024.

UGT pon en valor un acordo que recupera os dereitos perdidos dende 2012 e constrúe a Administración para o século XXI.

UGT Servizos Públicos acepta o Acordo proposto polo Goberno que fixa, en materia salarial, **unha subida salarial do 9,5% entre 2022 e 2024**. O sindicato sinala que a subida que proporciona o acordo amortece, de maneira razoablemente realista, a perda de poder adquisitivo polos efectos da subida da inflación no poder de compra do case tres millóns de empregados públicos do noso país. Segundo recolle o acordo, a subida salarial máxima do 9,5% entre 2022 e 2024, se distribuirían en tres anos da maneira seguinte:

2022: un incremento do 1,5% consolidable, sobre a 2% inicial fixado nos Orzamentos Xerais do Estado para este ano. A subida tería carácter retroactivo desde xaneiro e abonaríase nunha paga adicional antes de que acabe o ano.
2023: subida fixa do 2,5%, máis dúas subidas variables de 0,5% cada unha. A primeira operaría se o IPC harmonizo de 2022 e 2023 supera o 6% -correspondente á suma do incremento salarial previsto inicialmente para estes dous anos-, tería carácter retroactivo, consolidable e faríase efectiva en outubro de 2023. A segunda cobraríase se o PIB nominal en 2023 chega ao 5,9%.
2024: aumento fixo do 2% máis unha 0,5% variable que se cobraría se o IPC harmonizado de 2022, 2023 e 2024 supera o 8%. Cobraríase con carácter retroactivo e é consolidable.

UGT Servizos Públicos apoia este acordo desde a coherencia, o realismo e a responsabilidade que nos caracteriza. Un texto que pon en alza a importancia da negociación colectiva para lograr acordos que melloren a vida das persoas traballadoras e a cidadanía en xeral. **Por primeira vez nun período de crise, os empregados e empregadas públicos teremos un incremento salarial**, no canto de sufrir recortes en dereitos e os nosos soldos.

O Acordo incorpora **recuperación de dereitos:**

- Percepción íntegra do salario nas situacións de Incapacidade Temporal;
- A aplicación da **clasificación profesional e desenvolvemento do grupo B** dentro das Administracións;
- A negociación da **xornada de 35 horas** ou inferior e regularización das condicións do persoal laboral no exterior (PLEX).
- Recuperación da **xubilación parcial anticipada** dos funcionarios públicos. A redacción orixinal do artigo 67 do **Estatuto Básico do Empregado Público** (letra d do apartado 1), que alude a esta modalidade dentro das Administracións.
- Tamén se recupera o **carácter de mínimos dos permisos e vacacións na negociación colectiva**.
- Recóllese a **flexibilización da promoción interna e a revisión dos procesos selectivos.**
- **Derróganse os aspectos lesivos do RDL 20/2012 e, ademais, impulsa a tramitación da Lei de Función Pública da Administración Xeral do Estado; así como a necesaria actualización da clasificación dos centros penais do país.**
- Constitución no Ministerio da Comisión de Igualdade para **impulsar a obrigación de negociar plans** de igualdade dentro das Administracións públicas, segundo establece o EBEP.

UGT SERVIZOS PÚBLICOS SEGUE NA SÚA LIÑA DE RECUPERAR SALARIOS, DEREITOS E EMPREGO